

**PROPOSTA DE PROGRAMACIÓN
SETEMBRO, A CORUÑA 2010**

Venres de cine na Praza Azcárraga

SESIÓN 1 - 73'

Pigeon: Impossible USA

Animación 6' 2009

Lucas Martell



Un axente secreto novato da CIA enfróntase cun problema pouco común: que facer cando unha pomba queda atrapada no teu maletín ultrasecreto.

O elixido Galicia

Ficción 16' 2009

Chema Gagino



O elixido está desacougado. Leva días sen durmir e está aburrido. Pero non hai nada que o reteña á forza nesa habitación. A parella que o vixila, Edi e Nadia, tamén están nerviosos. Se continúan nese hotel, darán con eles e non poderán cumprir a súa misión. Pero o elixido xa tomou unha decisión.

Marina España

Ficción 13' 2010

Álex Montoya



É de noite e Marina chora. Un home achégase. Pregúntalle: "Canto?"

Instalación Galicia

Ficción 14' 2010

José Díaz




Acosada polas críticas, a directora dun museo de arte contemporánea busca unha instalación de urxencia que salve o seu prestixio e o seu financiamento. Sen apenas ter referencias previas acepta acoller a obra dun descoñecido artista. Pero o que ignora é a natureza da instalación.

Retrato Argentina

Documental 9' 2009

Ignacio Busquier



Un percorrido a través da labor do artista plástico Jorge Ponce, creador de máis de 3500 obras. A historia dun home que adicou toda a súa vida á arte e a estudar os vellos oficios dos pintores renacentistas e flamencos en pos da procura do seu propio universo.

Quid pro Quo España

Ficción 15' 2009

Fran Araújo e Manuel Burque




Alejo non lembra onde aparcou o seu coche e, mentres o busca, tropeza con Claudia en estrañas circunstancias. A partir dese momento estarán en débeda para sempre: *quid pro quo*.

SESIÓN 2 - 76'

On line Argentina

Animación 2' 2009

Federico Santillana



Un neno e unha nena chatean dende as súas habitacións. Por medio de internet crean unha imaxe virtual deles, de como son ou como lles gustaría ser. Ás veces, por crer que estamos tan conectados, non nos damos de conta do preto que estamos.

Dous homes e un suicidio Galicia

Ficción 17' 2010

Iria López



Samuel é un mozo algo excéntrico que, levándose pola súa habitual auto-compaixón decide rematar con todo e gravar en vídeo o seu propio suicidio. Nese momento atopa a Ricardo, un home que, ós seus corenta anos, vese sen casa, sen familia e sen traballo e decide tamén quitarse do medio.

El tránsito España

Documental 12' 2009

León Siminiani



Versión non oficial e clasificada da hora punta e as súas consecuencias na vida do home moderno.

Ofelia España
Ficción 10' 2009
Anita Sinkovic



Unha tarde de tormenta... Berros, nervios e algún que outro portazo. En plena discusión entre os seus pais, Ofelia, fuxe á rúa buscando ó seu gato que acaba de escapar. Cada un polo seu lado, vagarán polas rúas baixo unha intensa tormenta. Para Ofelia calquera cousa é mellor que soportar o inferno cotiá na casa...

Amona putz! (A avoa inchable) Euskadi, España
Ficción 9' 2009
Telmo Esnal



Ás veces, os matrimonios que teñen nenos pequenos botan de menos á avoa. Pero só algunhas veces...

Viejos perdedores España
Ficción 15' 2009
Rubén Ordieres



Unha tarde dos anos trinta, Angelón de Piñeira aparece na casa do seu antigo entrenador, Manuel Quintán, para pedirlle axuda nun derradeiro combate que está decidido a gañar. Pero Quintana sabe que os bos tempos de Angelón – se é que algunha vez os tivo- xa pasaron.

La historia de siempre España
Ficción 11' 2009
J. L. Montesinos



A conversa telefónica dun home ten en vilo a todos os pasaxeiros dun autobús no que viaxan. El vai axudala a topa algo que deixou esquecido ó facer a maleta. Pero sobre todo, vai a intentar ter unha segunda oportunidade cambiando a vida de todos os que lle rodean.

SESIÓN 3 - 77'

A nena que tiña unha soa orela Galicia

Animación 12' 2009

Rubén Coca



Todos os nenos teñen dous ollos, nariz, unha boca, dúas orellas e dous dedos. Ou non? Pois non. Alegra vai descubrir que hai nenos de todo tipo. Unha historia que invita a todos a aceptar de maneira natural as diferenzas.

A porta Galicia

Ficción 5' 2010

Andrés Goteira



Un rapaz de mediana idade durme inmerso nunha profunda tranquilidade nunha casa próxima a Ribadeo. Uns fortes portazos rompen a súa calma reclamando axuda nun accidente de coche; sen embargo, o accidentado está máis preto do que el pensa...

Flat Love España

Ficción 15' 2009

Andrés Sanz



Un home, convencido de que o mundo é en realidade plano, namórase dunha muller de dous dimensións no Museo de Arte Moderno de Nova York.

En un lugar del cine España

Documental 17' 2009

Eduardo Cardoso



A curtametraxe é a primeira pedra da historia do cine.

I love Luci UK

Ficción 12' 2010

Colin Kennedy



Comedia sobre a perda duns dentes, o amor non correspondido e o potencial dun can para dar forma á fortuna dunha parella destinada a non estar nunca xuntos.

Rodilla España

Ficción 16' 2009

Juanjo Giménez



Cromos para axustar contas coa infancia.

SESIÓN 4 - 72'

O soldadiño de Chumbo Galicia

Animación 12' 2009

Virginia Curiá e Tomás Conde



O soldadiño namórase da bailarina dunha caixa de música e intenta por todos os medios chegar a ela, aínda faltándolle unha perna!

Empatía Galicia

Ficción 9' 2010

Carlos Seijo



George Amherst conduce o seu Cadillac Deville por un deserto inhóspito. Escapa dunha pantasma que non logra deixar atrás. Cada milla percorrida completa unha alegoría espectral sobre o proceso de poñerse na pel do outro.

Steps USA

Ficción 3' 2009

Barney Cheng




Unha rapaza, abandonada sendo cativa, reflexiona sobre os pasos que toma a xente cada día e as cousas que poderían terlle pasado se un estraño nunca dera un paso na súa dirección.

Todo es maybe España

Documental 19' 2010

Asier Urbietta



Braulio Thorne é un músico panameño que reside en Nova York. 'Todo es maybe' é unha actitude ante a vida, maioritariamente incerta.

Por la mañana Galicia

Ficción 13' 2009

Toño Chouza



Un actor vive coa súa moza e o tren que o vai levar de xira está a piques de saír. Entretanto, a moza fuchica na maleta e atopa algo que non debería ter visto.

A señora María Galicia

Ficción 3' 2009



A señora María fai un descanso da súa rutina diaria para contarnos pequenas cousas da vida...

Lost España

Ficción 3' 2009

Alberto Dorado



Lost é unha curtametraxe rodada nun único plano, que retrata un instante na vida dun neno somalí de oito anos, evocándonos a súa vida interior e dándonos pistas para adiviñar a que lle espera...

Voltereta España

Ficción 13' 2010

Alexis Morante



Lolo é un neno andaluz de dez anos que ten que mudarse a Nova York coa familia. É 1985 e Lolo só coñece América polo cine do seu barrio, e cando baixa coa avoa á piscina algo inesperado provoca que Lolo teña que enfrontarse a todos os seus medos.

Unha selección das mellores curtas internacionais feitas no último ano. A maioría, formaron parte este ano na Sección Oficial do Festival Internacional de Curtas de Ribadeo, OFestivalON 2010, que se celebrou os días 28, 29, 30, 31 de xullo e 1 de agosto. Entre elas, a gañadora a Mellor Curta de Ficción, *O Elixido*, do coruñés Chema Gagino, a gañadora a Mellor Curta Documental, *El tránsito*, de Elías León Siminiani, a gañadora a Mellor Curta de Animación, *O soldadiño de Chumbo*, de Virginia Curiá e Tomás Conde, e a Curta Premiada polo Público *Todo es Maybe*, do vasco Asier Urbieta.

A idea destas sesións é mesturar ficción, animación e documental para cada un dos venres do *Setembro de Cine*. Incluímos tamén, nas sesións, curtas galegas de recente estrea: *Dous homes e un suicidio*, da realizadora de fene Iria López; *A porta*, do lugués Andrés Goteira ou *Empatía*, do coruñés Carlos Seijo son algúns exemplos de realizadores galegos moi novos e talentosos.

PARA MÁIS INFORMACIÓN

Alba Blanco
info@mrmisto.com
986 189 496
671 544 555